


Alvarellos publicará en febreiro os diarios de viaxe inéditos de Valentín Paz Andrade

Algúns dos textos apareceron o mes pasado
no arquivo persoal do autor que custodia a súa viúva.

Son trinta textos en castelán escritos desde América
en 1954 e 1955.

A obra, cuya edición está ao coidado da historiadora
Emilia García, formará parte da Colección Rescate de
Alvarellos Editora.



Un libro inédito de Valentín Paz Andrade que leva por título *Diarios de viaxe* pechará o ano editorial de homenaxe ao escritor pontevedrés. Formará parte da Colección Rescate de Alvarellos Editora, nunha edición que está ao coidado da historiadora Emilia García López, responsable da Área de Acción Exterior do Consello da Cultura Galega. En febreiro estará á venda en librarías e tamén a través da tenda en Rede de alvarellos.info.

Diarios de viaxe contén trinta textos escritos por Paz Andrade entre 1954 e 1955, elaborados durante as súas viaxes por América como técnico da FAO para misións internacionais e como especialista en economía pesqueira. Arxentina, EE UU, México, Chile, Colombia ou Brasil, foron algúns dos países visitados.

Das súas estadias neses lugares, en cidades como Nova York, México DF, Bogotá ou Cartagena de Indias, deixou escritas unha serie de crónicas onde describe e reflexiona sobre as paisaxes e as xentes que ía atopando no seu camiño ao outro lado do Atlántico.

Os textos apareceron entre toda a documentación persoal que custodia Pilar Rodríguez Prada, a viúva de Paz Andrade. De algúns tívose noticia hai menos dun mes, como o manuscrito do que se reproduce aquí unha páxina. Foron descubertos por Emilia García mentras facía a dixitalización do fondo do autor para o Consello da Cultura Galega. A historiadora, que avanzou onte os contidos desta obra durante o Congreso de Paz Andrade que se celebra en Pontevedra, afirma que neste inédito “descubriremos a un Paz Andrade íntimo, viaxeiro anónimo. Cunha prosa riquísima, chea de matices, de poesía, de descrições moi potentes e suxestivas, e con referencias continuadas a Galicia”.

O volume editado por Alvarellos incluírá fotografías e documentación tamén inédita daquelas viaxes.

Para contactar con Emilia García: 686 780 530 | 678 83 49 65 exterior@consellodacultura.org

Para contactar con Alvarellos Editora: 609 90 88 52 | 981 522 137 correo@alvarellos.info